

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 23 de setembro de 1998 os veciños da comunidade de Requiás e Guntumil (Muíños), solicitan a transformación, da parte que lles afecta, dos consorcios “Portela e Serra de Pitós”, OR-2092 e “Revolta e outros” OR-2100. O acordo de solicita-la devandita transformación, foi tomado pola asemblea xeral de comuneiros con data 28 de decembro de 1997.

2º.- Que o 12 de xuño de 1973 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñais en man común, o monte denominado **PORTELA, SERRA DE PITÓS E REVOLTA** pertencente ós veciños da comunidade de Requiás e Guntumil, parroquia de Santiago de Requiás, no concello de Muíños, provincia de Ourense.

3º.- Que o consorcio “Portela e Serra de Pitós” OR-2092 foi realizado a través da Excm. Deputación Provincial de Ourense no ano 1955. Ten unha superficie segundo o plano de 360 Ha., pertencendo integramente ós veciños de Requiás e Guntumil. Das 360 Ha., existen 50 Ha. arboradas con pino pinaster de diversas idades, algúns bosquetes illados de pino pinaster e carballo, estando rasas as restantes.

4º.- Que o consorcio “Revolta e outros” OR-2100 foi realizado a través da Excm. Deputación Provincial de Ourense no ano 1957. Ten unha superficie segundo o plano de 660 Ha., pertencendo integramente ós veciños de Requiás e Guntumil. Destas 660 Ha., aproximadamente un 20% é inforestal (132 Ha.), o resto da súa superficie (528 Ha.) está practicamente rasa, con algúns bosquetes de pino pinaster e carballo.

5º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 360 Ha. do consorcio “Portela e Serra de Pitós” OR-2092, e 660 Ha. do consorcio “Revolta e outros” OR-2100, o que fai un total de 1.020 Ha. Atópase situado na súa totalidade en terreos do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés.

CONTA DE GASTOS E INGRESOS

O cálculo de gastos e ingresos do novo convenio, realízase directamente a partir dos gastos e ingresos de cada un dos consorcios, xa que pertencen integramente á comunidade de Requiás e Guntumil.

- Gastos por traballos imputables ó consorcio "Portela e Serra de Pitós"
OR-2092:

Gastos ata o 31 de decembro de 1973	1.821.528.-ptas.
Gastos desde o 1-1-1974 ata o 31-12-1998	3.129.062.-ptas.

- Ingresos imputables ó consorcio "Portela e Serra de Pitós" OR-2092:

Ingresos ata o 31 de decembro de 1973	0.-ptas.
Ingresos desde o 1-1-1974 ata o 31-12-1998	1.772.937.-ptas.

- Gastos por traballos imputables ó consorcio "Revolta e outros" OR-2100:

Gastos ata o 31 de decembro de 1973	3.536.905.-ptas.
Gastos desde o 1-1-1974 ata o 31-12-1998	2.993.960.-ptas.

- Ingresos imputables ó consorcio "Revolta e outros" OR-2100:

Ingresos ata o 31 de decembro de 1973	0.-ptas.
Ingresos desde o 1-1-1974 ata o 31-12-1998	0.-ptas.

Saldo correspondente ós veciños de Requiás e Guntumil:

Conforme ó disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89 do 19 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, a débeda existente ata o ano da clasificación (1973) queda condonada.

<u>Gastos por traballos OR-2092:</u>	3.129.062.-ptas.
--------------------------------------	------------------

Gastos procedentes de OR-2092 imputables ó novo convenio 3.129.062.-ptas. x 360 Ha./360 Ha.	3.129.062.-ptas.
--	------------------

Gastos de administración (7,85% de 3.129.062.-ptas.)	245.631.-ptas.
--	----------------

Gastos de gardería (1.580.-ptas./Ha. x 360 Ha)	568.800.-ptas.
--	----------------

Gastos de OR-2092 imputables ó novo convenio	3.943.493.-ptas
---	------------------------

Ingresos OR-2092: 1.772.937.-ptas.

Ingresos de OR-2092 imputables ó novo convenio

1.772.937.-ptas. x 360 Ha./360 Ha. 1.772.937.-ptas.

Saldo procedente do consorcio OR-2092 imputable ó novo convenio:

Gastos – Ingresos = 3.943.493.-ptas. – 1.772.937.-ptas. = **2.170.556.-ptas.**

Gastos por traballos OR-2100 2.993.960.-ptas.

Gastos procedentes de OR-2100 imputables ó novo convenio:

2.993.960.-ptas. x 528 ha./528 ha. 2.993.960.-ptas.

Gastos de administración (7,85% de 2.993.960.-ptas.) 235.026.-ptas.

Gastos de gardería (1.600.-ptas./Ha. x 528 Ha.) 844.800.-ptas.

Gastos de OR-2100 imputables ó novo convenio 4.073.786.-ptas.

Ingresos OR-2100:

Ingresos de OR-2100 imputables ó novo convenio 0.-ptas.
0.-ptas. x 528 Ha./528 Ha. 0.-ptas.

Saldo procedente do consorcio OR-2100 imputable ó novo convenio:

Gastos – Ingresos = 4.073.786.-ptas. – 0.-ptas. = **4.073.786.-ptas.**

Saldo co que se abrirá a conta de gastos do novo convenio:

2.170.556.-ptas. + 4.073.786.-ptas. = **6.244.342.-ptas.**

Por todo isto, **propoñemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: PORTELA, SIERRA DE PITÓS Y REVOLTA.

Nº de elenco: 321-55151.

Superficie: 1.020 Ha.

Pertenza: Comunidade veciñal de Requiás e Guntumil.

Concello: Muíños.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%


Saldo inicial da conta do novo convenio: 6.244.342.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Portela y Sierra de Pitós" OR-2092 se rescinda.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio "Revolta y outros" OR-2100 se rescinda.


Santiago de Compostela, 19 de xullo de 1999.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE. SANTIAGO DE
COMPOSTELA.-**

Visto o expediente para a transformación en Convenio nº 321-55151 do monte veciñal en man común “**Portela, Sierra de Pitós y Revolta**”, integrado por 360 Ha do consorcio “Portela y Sierra de Pitós” OR-2092 e 660 Ha do consorcio “Revolta e outros” OR-2100, pertencentes na súa totalidade ós veciños de Requiás e Guntumil, do concello de Muíños, provincia de **Ourense**, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, así como a rescisión dos consorcios “Portela y Sierra de Pitós” OR-2092 e “Revolta e outros” OR-2100, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977 de Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78 que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84 polo que se deixa sen aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92 que aproba o seu regulamento.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 1999.

A SECCIÓN XURÍDICA,



Nuria Rodríguez Canabal.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: **PORTELA, SIERRA DE PITÓS Y REVOLTA.**

Nº de elenco: 321-55151.

Superficie: 1.020 Ha.

Pertenza: Comunidade veciñal de Requiás e Guntumil.

Concello: Muíños.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: **6.244.342.-ptas.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio “Portela y Sierra de Pitós” OR-2092 se rescinda.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio “Revolta y outros” OR-2100 se rescinda.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 1999.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**



José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	321	55151
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a vinteseite de outubro de mil novecentos noventa e nove.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE ARAUJO ALVAREZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común PORTELA, SIERRA DE PITOS Y REVOLTA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas 1.955 (OR-2092) Y 1.957 (OR-2100) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo a entidade propietaria a que se refire o texto anterior.~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a REQUIAS Y GUNTUMIL

e son os que a continuación se describen:

Denominación: PORTELA, SIERRA DE PITOS Y REVOLTA

Termo municipal: MUÍÑOS

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal CLASIFICADO COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN CON FECHA 12-6-1.973,

Límites:

N.: M.V.M.C. PORTELA, SIERRA DE PITOS Y REVOLTA

S.: FRONTERA CON PORTUGAL

L.: FRONTERA CON PORTUGAL

O.: M.V.M.C. "PORTELA Y CHAMOSCADA DO CREGO" PERTNECIENTE A XERMEADE
FINCA SALGUEIRO PROPIEDAD DE LA XUNTA DE GALICIA.

Superficie: 1.020 HAS.

Estado forestal: 50 HAS. ARBOLADAS, 132 HAS INFORESTALES Y 838 HAS RASAS.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
50 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: -----

3ª.- O chan continuará pertencendo a REQUIAS Y GUNTUMIL.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (á que se se non existe).~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: PORTELA Y SIERRA DE PITOS OR-2092
REVOLTA Y OTROS OR-2100

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

~~Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte, daquela penencia os propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX por cento, e a comunidade propietaria, XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX por cento restante.~~

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINO PINASTER
COMO ESPECIE PRINCIPAL

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Miriam López Areal -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "PORTELA, SIERRA DE PITOS Y REVOLTA" a favor dos veciños da parroquia de Santiago de Requiás, pobos de Requiás e Guadalupe.

2.—Que, así mesmo, figura Don Jose Araujo Álvarez -----, e Don Ángel Vázquez Lorenzo -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde 11 febreiro 1996 ata 11 de febreiro de 2000. -----

E para que conste, expido a presente certificación a 8 de marzo ----- de 1996.



Don ANGEL VAZQUEZ LORENZO -----, Secretario de LA JUNTA RECTORA DEL M.V.M.C. PORTELA, SIERRA DE PITOS Y REVOLTA.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 28-12-1.997 estando designado Don JOSE ARAUJO ALVAREZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en REQUIAS

a 12 de FEBREIRO de mil novecientos noventa e NOVE.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

PRESIDENTE

O [Signature]
Asdo.: JOSE ARAUJO ALVAREZ

[Signature]

Asdo.: ANGEL VAZQUEZ LORENZO

Don TOMÁS FERNANDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

[Signature]

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO



O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón